



SERVIZO DE PLANEAMENTO E XESTIÓN URBANÍSTICA
NEGOCIADO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO

Rúa García Mosquera, núm.19

32005 – Ourense

Tel. 988388104

Cod. Exp. 2011002613

TEXTO:

Anuncio polo que se lle da publicidade á parte dispositiva da sentenza 00594/2016, de seis de outubro de 2016, pronunciada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Visto pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o procedemento ordinario 4395/2012 en relación co Decreto 187/2011 da Xunta de Galicia, de 29 de setembro, polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense e aprobase a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, interposto por don Agustín Vega Fuente, se ditou sentenza 00594/2016, de seis de outubro, pola que estimase o recurso contencioso-administrativo interposto.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 72 e 107 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e co fin de levar a puro e debido efecto a dita sentenza, resolvese dar publicidade a su parte dispositiva, que a seguir se transcribe:

“Que debemos estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Agustín Vega Fuente contra Decreto 187/2011 de 29 de setembro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, polo que se suspende parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ourense e aprobase a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, e en consecuencia anulamos o referido Decreto 187/2011, o cal é contrario a Dereito; sen facer especial condena en costas.

Contra esta sentenza cabe interpor, ben ante o Tribunal Supremo, ben ante a correspondente Sección desta Sala, o recurso de casación previsto no artigo 86 da Lei xurisdiccional, que haberá de prepararse mediante escrito a presentar nesta Sala no prazo de trinta días e cumprindo os requisitos indicados no artigo 89.2 de dita lei.”

Así mesmo a sección segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou auto no senso de inadmitir a trámite o recurso de casación núm. 109/2016 preparado pola Xunta de Galicia e o Concello de Ourense contra a sentenza 00594/2016, de seis de outubro de 2016, pronunciada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ourense, 19 de abril de 2017
O ALCALDE-PRESIDENTE
Asdo. Jesús Vázquez Abad